



1. O circuító

Coa organización da Sociedade Gimnástica de Pontevedra, o patrocinio do Concello de Pontevedra e Supermercados Froiz, e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e da Xunta de Galicia, celebraranse no CGTD de Pontevedra cinco xornadas de atletismo:

- **1ª Xornada 26/04/2023 - XLIX Trofeo Boa Vila**
- **2ª Xornada 18/05/2023 - XLVII Trofeo Sociedade Gimnástica Pontevedra**
- **3ª Xornada 31/05/2023 - XXVIII Trofeo Cidade de Pontevedra**
- **4ª Xornada 21/06/2023 - XXIV Memorial Celso Mariño**
- **5ª Xornada 07/07/2023 - XLVII Trofeo Virxe Peregrina**

2. Probas por xornada

No seguinte cadro amosamos a previsión de probas a disputar nas diferentes xornadas. Dita previsión poderá sufrir modificacións se a organización así o estima.

Data	26/04/23	18/05/23	31/05/23	21/06/23	07/07/23
Carreiras	100	100	100	100	100
	400	200	100/110 v	200	100/110 v
	400 v	800	400	800	400
	1500	1000	1500	3000 m M.	1500
	4x100	3000	4x100	3000/5000	-
Salto	Pértega	Altura	Pértega	Altura	Pértega
	Lonxitude	Triplo	Lonxitude	Triplo	Lonxitude
Lanzamentos	Disco	Xavelina	Martelo	Peso	Disco
	Martelo	Disco	Xavelina	Disco	Xavelina
Menores	50-60-80	500/1000	80 v.-1000	50-60-150	500
	Xavelina	Pelota	Pelota	Altura	Lonxitude

3. Participación

Poderán participar atletas con licenza federativa en vigor. Terán prioridade de participación atletas con licenza polos clubs do concello de Pontevedra, seguidamente atletas dos clubs filiais ou con acordo de colaboración coa entidade organizadora.



Concello
de Pontevedra



No caso de atletas doutras comunidades que queiran tomar parte nalgunha das xornadas do circuÍto terán que solicitar no email: info@sgpontevedra.com; cunha antelación de 15 días a súa intención de participación. A organización determinará se pode ou non participar.

4. Inscricións

As inscricións realizaranse a través do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 22:00 h. do sábado anterior a data da competición. Non se admitirán inscricións fóra de prazo.

5. Dorsais

Cada atleta retirará o seu dorsal na zona habilitada a tal efecto ata 45 minutos antes da súa proba. Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal.

6. Sancións

Calquera atleta coa inscrición realizada que finalmente non participe nalgunha das xornadas, quedarán sancionados sen poder participar na seguinte competición que se inscriban organizada pola Sociedad Gimnástica de Pontevedra, salvo xustificación comunicada por escrito ao e-mail info@sgpontevedra.com. No caso de lesión deberá acreditar xustificante.